



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE XUÑO DO DOUS MIL SEIS .

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de xuño do dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-CELEBRADA O DÍA 7 DE ABRIL DE 2006.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión extraordinaria celebrada o día 7 de abril do 2006, manifestándose, polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que como xa lle dixo a Sr^o. Secretaria, na páxina 19, no acordo de subvención á asociación “Novas Raíces” de Galdo, aparece a cantidade de 4.000 euros, cando en realidade son 6.000 euros, engadindo que xa coñece que foi un erro do Sr. Interventor que deu traslado por rede do asunto para a confección da acta.

Non se producen outras observacións ou rectificacións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestarlle a súa aprobación coa rectificación sinalada.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR DE AXUDAS PARA PRESTACIÓNS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O ANO 2006.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da solicitude de subvención para a prestación de Servizos Sociais según o acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión extraordinaria celebrada o día quince de xuño do corrente.



Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros acorda quedar informado.

2º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS, SEGUNDO A ORDE DO 8 DE MARZO DE 2006 DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Vista a Orde do 8 de marzo de 2006 pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas coporacións locais e visto o informe presentado por D. Javier Balseiro Fernández, director do Centro de Servizos Sociais, no que se solicita a prórroga nas mesmas condicións das prestacións ademais de novos proxectos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda solicitar unha subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o seguinte proxecto:

SERVIZOS SOCIAIS (PLAN CONCERTADO)

	SUBVENCIÓN SOLICITADA	APORTACIÓN CONCELLO	TOTAIS
1º PERSOAL			
1.1 TECNICO GRADO SUPERIOR	17.688,76	12.291,00	29.979,76
1.2 TRABALLADORA SOCIAL	14.702,57	19.366,54	34.069,11
1.3 TECNICO DE GRADO MEDIO	14.008,32	15.787,57	29.795,89
1.4 AUXILIAR ADMON.	11.780,18	10.252,99	22.033,17
2º MANTEMENTO DO SERVIZO	2.000,00	7.600,00	9.600,00
3º AXUDA NO FOGAR	90.152,00	135.626,56	225.778,56
4º XESTION DE PROGRAMAS			
4.1 EMERXENCIA SOCIAL	2.627,17	6.641,82	9.268,99
4.2 PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS	2.400,00	600,00	3.000,00
4.3 INCLUSIÓN SOCIAL	4.000,00	4.600,00	8.600,00
4.4 PROXECTO ANTA	42.000,00	6.000,00	48.000,00
5º INVESTIMENTO			
5.1 REFORMA (ELIMINACIÓN DE BARREIRAS)	7.200,00	2.400,00	9.600,00
TOTAL XERAL	208.559,00	221.166,48	429.725,48

3º.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PP RELATIVAS A:

3.1.- CENTRALIZACIÓN DA PRÁCTICA DE AUTOPSIAS, NECROPSIAS E PROBAS DE INVESTIGACIÓN FORENSE.

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño dáse lectura da moción que na exposición de motivos transcrita textualmente dí:



“MOCIÓN

Que se fundamenta na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG de 5 de maio do presente ano publicaba unha resolución de 26 de abril da Conselleira da Presidencia da Xunta de Galicia pola que se anuncia a licitación mediante concurso público, e polo sistema de procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dun servizo de transporte de cadáveres a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense que realizará o Instituto de Medicina Legal de Galicia, dependente da Xunta de Galicia. Tanta é a urxencia, que xa se abriron as ofertas.

Na indicada resolución, fíxanse sete áreas sanitarias, coas súas sete cabeceiras, nas que se levarán a cabo as autopsias, co conseguinte traslado de cadáver desde o punto de defunción ata a cabeza de área sanitaria e posterior viaxe a lugar de enterro.

Dito doutra maneira, queda desmantelado o servizo que existía ata agora polo que as autopsias se facían na nosa comarca. E queda desmantelado co agravante de que os custos de ida e volta do cadáver desde un punto da nosa comarca a Lugo, cabeza de área sanitaria de referencia a efectos de realización de autopsias, e volta ao punto de orixe, vai ter que ser abonado pola familia do finado.

Esto vai gravar considerablemente a conta de gastos dunha defunción que precise autopsia, co que calquera de nós, calquera das nosas familias, podemos ser “víctimas” desde no proceso de centralización e perda de servizos. Poderase dicir que se fan poucas autopsias ao longo do ano, pero ninguén nos pode dicir que temos a seguridade de que non nos vai tocar. Sexab as que sexan, é de todo punto inxusto que por motivos escuros e nunca clarexados se segue a esta situación.

Esta situación non é nova: desde a toma de posesión da Xunta bipartita na Mariña lévanse perdido servizos coma as vistas dos xuízos polo penal; mingua de servizos en Fachenda; mingua, en definitiva, de servizos básicos cos que contaban os cidadáns e que custara moito traballo acadar.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal que subscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que se anule a resolución indicada e se paralice o proceso e adxudicación do concurso.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que se volva á situación anterior, na que se realizaban as autopsias na Mariña.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias e que polo tanto se faga cargo de todas aquelas inversións que fosen precisas para manter e garantir a situación anterior.



4.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Lugo, á Mancomunidade de Concellos da Mariña e aos presidentes dos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese as seguintes:

A do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas que dí non atoparse de acordo cos puntos 1 e 2 do acordo da moción, xa que de ser así habería que anular o Decreto de Abril, que puntualiza, é anterior a isto. Que aceptarían o punto 3, aínda que se considera que con esta nova organización habería unha mellor calidade do servizo.

O voceiro do Grupo político proponente, Sr. Aja Mariño interven para dicir que a centralización interesa naqueles casos especialísimos que se precise un análise e técnicas máis complexas pero que nunhas circunstancias normais non se require ese tipo de medios, engadindo que é normal que se atope de acordo co punto 3 da moción do seu Grupo xa que eso é o que interesa á cidadanía.

A do voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro que manifesta que queren votar a favor pero que o punto 1 lles parece inviable.. Que tampouco se atopan de acordo coa exposición de motivos e a cita da perda de servizos...Que o apoiaran se se suprime a exposición de motivos.

A do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que comeza mencionando a perda dos Xulgados do Penal, que dí se ven arrastrando desde antes; ao que contesta o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, que dí que como profesional redactor do escrito que se cursó lle parece increíble que se diga eso; intervindo o Sr. Alcalde para dicir que non é competencia da Xunta as sedes das Salas do Penal, agradecendo ao Concelleiro Sr. Gayoso Roca o adiamento nas súas informacións sobre a medida tendente á supresión da Salas do Penal, indicando o aludido Sr. Gayoso Roca que fai cinco anos logrouse a no supresión do Xulgado do Penal e afirmando en referencia ao Concelleiro de IU-EU: “Vostede sabrá o que dí”

Polo Sr. Alcalde-Presidente indícase a conveniencia de efectuar a votación se o considera o Grupo do PP dos puntos 3 e 4 sen a Exposición de motivos, e o Pleno a corporación por unanimidade dos seus membros (17) acorda aprobar a moción do PP sobre a centralización da práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense nos puntos seguintes:

3.- Instar á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias e que polo tanto se faga cargo de todas aquelas inversións que fosen precisas para manter e garantir a situación anterior.

4.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Lugo, á Mancomunidade de Concellos da Mariña e aos presidentes dos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

3.2.- DEMANDAR DA XUNTA DE GALICIA UN PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL XUVENIL.

Polo concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil dáse lectura da moción que transcrita literalmente dí:

“Como ben é sabido, a creación de emprego é un dos piares fundamentais do desenvolvemento social e económico dos concellos e das sociedades nel representadas. Asemade, este feito ten especial transcendencia entre os máis novos, en canto que a falla de experiencia laboral supón un obstáculo á veces infranqueable para a súa incorporación efectiva ao mercado laboral.



Neste senso, o Programa Labora: Xuventude con experiencia posto en marcha por anteriores equipos directivos das Consellerías competentes en materia de traballo e xuventude, tivo unha ampla repercusión en canto que permitiu a achega dun período de formación complementaria e a introducción de xente nova nos ámbitos laborais e na dinámica de traballo posterior ao estudio.

Así, desde 2002 foron máis de 27.0000 mozos e mozas os que cumprimentarion a súa formación a través da experiencia dun ano de traballo en diferentes institucións e empresas galegas, atopando emprego posteriormente un alto grao dos beneficiarios deste programa.

Deste xeito, foron moitos os mariños e mariñas que realizaron a súa estadia en centros laborais gracias á oportunidade brindada polo Programa Labora, o que tamén repercutiu positivamente nas empresas e administracións implicadas, quen dispuso de man de obra cualificada e permitiu, en moitos casos, a mellora de procesos e o desenvolvemento de múltiples iniciativas positivas para clientes e cidadáns.

Neste senso, 75 rapaces e rapazas da Mariña formaron parte dos cadros de persoal dos concellos desta área xeográfica durante o ano 2005, dispoñéndose preto dun millón e medio de euros para facer fronte aos custes salariais e sociais deste grupo de traballadores, sendo o servizo sumamente positivo para as entidades locais.

Desde xeito, os mozos e mozas mariños podieron dispor dunha ferramenta útil para a efectiva incorporación á práctica laboral, poñéndose en contacto co sector empresarial e social e podendo optar posteriormente a unha incorporación ao mundo do traballo con garantías e nuhas condicións de calidade do emprego superiores ás que disporían de non ter achegado a experiencia outorgada polo Programa Labora.

Mais neste momento a decisión do actual Goberno autonómico de deixar sen efecto o plan e a súa negativa a continuar co mesmo deixa sen unha vía de incorporación laboral a moitos mozos e mozas que, unha vez rematada a súa formación regrada, carecen dunha experiencia laboral esixida polo mundo empresarial e productivo.

Así, este feito sumamente pernicioso para os intereses da xuventude tamén ten afectación negativa para os eidos da administración local, xa que a oferta laboral por eles dispensada cara a este programa e aos seus beneficiarios e beneficiarias deixa sen cubrir moitos postos na achega de servizos que melloran, sen dúbida, a calidade das prestacións dispensadas aos vecinos e veciñas.

Indo máis alo, os concellos víronse obrigados a minorar a calidade dos seus servizos e, consecuentemene, a progresiva mellora das cualificacións e sistemas de traballo que achegab an os beneficiarios do Programa Labora mediante a súa colaboración e desenvolvemento de tarefas.

Asemade, non hai que esquecer que a importante achega económica realizada desde a administración autonómica para a execución deste plan permitiu mellorar o estado dos erarios locais de pauperados pola crecente incorporación de servizos, que non de fondos, que seprestarán aos cidadáns.

Do mesmo xeito, non se dispuso, por parte das Consellerías implicadas neste ámbito de xestión, medida factible algunha para paliar esta mingua nas condicións de incorporación da xuven-



tude ao mercado laboral, avogando por un novo programa que apón doacións de difícil cumprimento e obstaculiza a efectiva incorporación de mozos e mozas por esta vía ao traballo.

Mais este feito é aínda máis gravoso para as administracións locais, en canto que as previsións contidas na nova programación da Xunta de Galicia neste eido son de máis ampla dificultade, co cal os concellos se verán obrigados a facer fronte ao desemprego da xuventude con pouco máis que boa vontade, o que, no mundo competitivo actual, tenderá a un progresivo empeoro da situación laboral.

Por todo isto, e na vista das consecuencias que para os mozos e mozas deste concello e para o propio Consistorio ten a anulación do Programa Labora: Xuventude con experiencia e a nula achega realizada desde a Xunta de Galicia, o concelleiro solicita do Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Demandar da Xunta de Galicia, a través dos seus departamentos competentes, a disposición dun programa de inserción laboral xuvenil dotado de garantías e con capacidade suficiente para afrontar as necesidades dos mozos e mozas neste eido.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galicia, a través dos seus departamentos competentes, a disposición de fondos e medidas efectivas para o desenvolvemento de políticas activas de inserción laboral xuvenil nos concellos.

Terceiro.- Demandar da Xunta de Galicia, a través dos seus departamentos competentes, a dotación de medios económicos e persoais para a cobertura de postos de traballo susceptibles de acoller a mozos e mozas demandantes de emprego de cara a achegar unha adecuada experiencia laboral aos beneficiarios destes sistemas de inserción laboral.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, a súa Vicepresidencia e as Consellerías con competencias nas materias vinculadas a este eido de xestión.

O que traslada ao Pleno da Corporación do Concello de Viveiro para o seu debate e aprobación se procede.”

Aberta a quenda de intervencións, o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor desiste de intervir facendoo o Sr. Alcalde –Presidente, D. Melchor Roel Rivas que dí:

Que o programa anterior da Xunta soamente tiña bonito o nome, xa que non se permitía a renovación de contratos ao ano.

Que ese Plan Labora foi substituído pro primeira vez en sete anos por un acordo entre Empresarios, Sindicatos e Xunta.

Que hai máis de 50 millóns de €uros que son financiados polo Fondo Social Europeo e o Estado, que dá prioridade á continuidade no posto de traballo aos xovenes e ás mulleres desempregadas.

Que o día cinco de xuño o DOGA abre o prazo para as subvencións.

Que o día catorce de xuño faise a presentación no Hotel Porta de Santiago e que por todo isto van a votar en contra da Moción xa que si os Asuntos Sociais e a Xunta se poñen de acordo non será di este goberno o que se opoña.



Polo voceiro do Grupo do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro faise a intervención que transcrita textualmente di:

“A realidade da mocidade no mercado de traballo galego tense caracterizado, durante os 16 anos de Goberno do Partido Popular, polas dificultades do máis novos para atopar emprego, así como por acadar unhas taxas de precariedade laboral escandalosas.

Dentro da política “triumfalista” do PP, aínda recoñecendo as dificultades da mocidade para atopar o seu primerio posto de traballo, foi a creación do denominado “Programa Labora: Xuventude con Experiencia”.

Con carácter xeral para participar no Plano Labora era preciso ser menor de 25 anos e estar inscrito no Servizo Público de Emprego. As retribucións que se recibían eran: Bolsa durante a etapa formativa de 6,01 €por día lectivo, incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego e coa realización de traballos por conta allea, e retribución equivalente ao 75% do salario mínimo interprofesional (mediante un contrato para a formación que non xera prestación por desemprego).

A efectividade do Plano Labora veuse nos seus resultados, a taxa de paro da mocidade estaba no 24,35% no ano 2004, un estrepitoso fracaso.

En realidade este Plano fomentou a temporalidade (xa escandalosa) na administración pública, cubrindo postos de traballo necesarios con contratacións en precario e cunha elevada rotación na prestación destes servizos.

Mesmo esta situación recoñécese no texto da moción apresentada, onde de textualmente:

“Así, este feito sumamente pernicioso para os intereses da xuventude tamén ten afectación negativa para os eidos da administración local, xa que a oferta laboral por eles dispensada cara a este programa e aos seus beneficiarios e beneficiarias deixa sen cubrir moitos postos na achega de servizos que melloran, sen dúbida, a calidade das prestacións dispensadas aos vecinos e veciñas.

Indo máis alo, os concellos víronse obrigados a minorar a calidade dos seus servizos e, consecuentemente, a progresiva mellora das cualificacións e sistemas de traballo que achegaban os beneficiarios do Programa Labora mediante a súa colaboración e desenvolvemento de tarefas”

Na moción recoñécese explícitamente que estabamos diante dun Plano de man de obra, xuvenil, temporal, en precario, sen dereito ao paro e que facía substitución de postos de traballo que a Administración Pública nos atende. En realidade o Plano Labora era unha subvención encuberta a moitos Concellos, mais nunca cumpriu os obxectivos de creación de emprego para a mocidade, de feito en Galiza, con datos de Febreiro do 2006, hai máis de 12.000 demandantes de emprego de menos de 25 anos.

Neste senso, a aposta do BNG está na concreción das Mesas de Diálogo Social, abertas entre a Xunta, Sindicatos e Patronal para abordar en serio o problema do paro, a temporalidade e a precariedade que significan o mercado laboral galego.

Mais, a Consellería de Traballo, namentres nos se acaden acordos nas Mesas de Diálogo Social elaborou dez medias transitorias e urxentes en relación coa situación de desemprego dos mozos e mozas galegos, cunha vixencia exclusivamente para o 2006:

1. Programa de “Valoración do nivel de competencias profesionais” dirixido aos demandantes sen estudos de tipo profesional.

Este programa desenvolverase por medio da incorporación de demandantes sen titulación profesional nos programas de adquisición de experiencia coas entidade públicas dunha duración de nove meses.

2. Procesos para a creación de empresas de economía social nos novos xacementos de emprego por demandantes que non teñen estudos de tipo profesional.



3. Establecemento de procesos de “Orientación-Formación en alternancia” para demandantes que non teñan estudos de tipo profesional.
4. Programa de “Orientación-Adquisición de experiencia” dirixido a aqueles demandantes que optan por ocupacións non ligados aos seus estudos.
5. Programa dirixido a promover a incorporación de mulleres desempregadas, que non teñan estudos de tipo profesional, en ocupacións nas que están infrarrepresentadas .
6. Incentivos á contratación en prácticas de mozos/as con titulacións de difícil empregabilidade.
7. Fomento de contratación indefinida inicial con abono do período de proba.
8. Programa de substitución de traballadores/as que rematan a súa vida laboral por mozos/as desempregados.
9. Incentivos á transformación de contratos formativos, de interinidade, de remuda, de substitución por anticipación da idade de xubilación, de obra ou eventual por circunstancias de produción.
10. Axudas á creación de novos empregos nas Pemes de menos de 30 traballadores/as.”

Finalmente interven o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí descoñecer o contido do novo programa pero que considera que Plan Labora foi un desprezo á xuventude de Galicia, aproveitando dunha campaña electoral.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos en contra (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e oito votos a favor , acorda desestimar a aprobación da dita moción.

3.3.- ACCESO LIBRE E GRATUITO A RETRANSMISIÓNS DEPORTIVAS POR TELEVISIÓN DA XVIII COPA DO MUNDO DE FÚTBOL.

Intervén o Concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz para dicir que retiran a moción e a convirten en un rogo.

E o Pleno da Corporación queda informado do asunto.

4º.- DACIÓN DE CONTA DA READMISIÓN DA TRABALLADORA, D^a. MARÍA DEL CARMEN OROL CASTRO, POR MOR DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO, SALA DE LO SOCIAL DE DATA 04-05-06.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas expone o asunto indicando que despois de dúas sentenzas do Xulgado do social nº 3 de Lugo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, respectivamente, que determinaron a readmisión pola Xunta de Galicia da traballadora D^a Maria del Carmen Orol Castro a Sala do Social do Tribunal Supremo, na Sentenza de 25/04 /2006 revocou en parte a sentenza de 15/04/2004 dictada polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo, nos autos nº 171/2004, absolvendo á Xunta de Galicia y Escola Oficial de Idiomas de Viveiro e condenou a este



Concello declarando improcedente o despedimento da citada traballadora, optando este pola readmisión da mesma dí, como indica a Resolución dictada pola Alcaldía que se achega coa documentación da Sesión; finaliza afirmando que a readmitida non consume praza.

Non se producen outras intervencións e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros acorda quedar informado.

Dáse traslado do acordo á Funcionaria encargada do Persoal así como ao Departamento de Intervención municipal e ao Comité de Empresa.

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA, DA UBICACIÓN, EN CELEIRO, DA DELEGACIÓN DE PORTOS DE GALICIA.

O Sr. Alcalde expón que a proposta se fundamenta en que o centro xeográfico da Mariña no sector de que se trata atópase no noso Concello, xa que Celeiro centraliza o servizos dese sector.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que manifesta que o seu grupo apoia a proposta, lembrando que xa noutra ocasión o Pleno desta Corporación aprobara esta petición.

Neste intre intervén o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, indicando se existe sitio na Delegación de Pesca para estas dependenzas, contestando o Sr. Alcalde que se situaría no ISM ou nun edificio de nova construción.

Finalmente, intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indicando que se non hai sitio se fará. Engadindo, a seguir, o Concelleiro, D. Orlando Expósito Mariño, que fai falta esa Delegación para o sector pesqueiro.

Non se producen outras intervención, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á dita moción que, textualmente, dí:

“Cremos que as administracións deben de estar cercanas aos cidadáns e especialmente aos usuarios de cada unha delas, no caso que nos ocupa como é o de Portos de Galicia, non se comprende que continúe a 100 km. das instalacións e o sector ao que debe de prestar servizos.

Tendo en conta que Viveiro está no xeográfico da demarcación de Portos desde Cedeira ata Ribadeo, que dispón de importantes instalacións, cunha actividade portuaria das máis importantes de Galicia, coa próxima posta en marcha do Destacamento da Garda Civil do Mar e, sendo a única localidade costeira con Xulgados de 1ª Instancia, Policía Nacional e ao mesmo tempo, o seu Concello ten o maior número de habitantes do ámbito de actuación e un longo etc. que por non resultar máis exhaustivo non se detalla.

Solicita ao Pleno da Corporación, adopte o seguinte acordo:

Solicitar a ubicación da Delegación de Portos de Galicia, no termo municipal de Viveiro, concretamente, no porto de Celeiro.”

6º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS FORMULADAS POLO VOCEIRO DO P.P., D. CÉSAR AJA MARIÑO.

En diversas ocasións hemos preguntado por el expediente del vehículo LU-5849-V sin que hasta el momento hayamos tenido respuesta clara a los interrogantes que hemos planteado, por este motivo formulamos nuevamente las siguientes preguntas:

1ª.- ¿En que dependencias de policía municipal o nacional se encuentra el expediente de retirada del vehículo LU-5849-V? ¿Cuál es el número del mencionado expediente?

2ª.-¿Quiso decir en su respuesta que alguien movió el coche de sitio?

3ª.-¿Tardó siete días por eso?

El Sr. Alcalde resposta que a persona que o conducía, da que dí non vai a dar o nome, lle indicou que o había estacionado nun lugar habilitado para elo.; igualmente lle syndica que lles fará chegar un informe do Sarxento da Policía Local sobre a non anulación de multas.

PREGUNTA QUE FORMULA O CONCELLEIRO DO P.P. D. JUSTO V. VÁZQUEZ CHAO SOBRE ESCRITO DE JESÚS GARCÍA MARTÍNEZ, PERROS PONTELABRADA.

En el acta de la Junta de Gobierno Local de la comisión celebrada el 10 de abril de 2006 se da cuenta de un escrito formulado por D. Jesús García Martínez en el cual pone de manifiesto las molestias y el uso indebido como parque canino de los jardines de la Ponte Labrada.

Dado el tiempo transcurrido desde la presentación de este escrito es por lo que realizamos la siguiente pregunta:

¿Qué medidas ha adoptado el Sr. Alcalde para dar solución al problema planteado por los vecinos?.

O Sr. Alcalde, contesta que existe un cartel de advertencia pero dí que como os cans non saben ler... ocróreselle un safari fotográfico con premios para os que fotografíen aos que non cumbran e que por outra banda os líquidos disuasorios queiman o cesped.

PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO P.P., D. GUILLERMO LEAL ARIAS SOBRE EL REQUERIMIENTO REALIZADO POR Mª DEL CARMEN VALE GONZÁLEZ.

En varias comisiones de la Junta de Gobierno vienen reflejados unos escritos de la funcionaria Mª del Carmen Vale González, relativos al perjuicio que se le ha causado al dar de baja de la cobertura Sanitaria es decir de Adeslas a un familiar, sin que hubiese motivo para ello, según acta del 19-01-06 y 10-04-06 sin que hasta el momento se le haya dado solución a la cuestión planteada. Es por ello que preguntamos al Sr. Alcalde lo siguiente:

1º.- ¿Se ha resuelto la cuestión planteada por la funcionaria administrativa Dña. Mª. Carmen Vale González?.

2º.- Si no se ha resuelto ¿Para cuándo está prevista la solución del problema planteado y aje-no a la funcionaria?.



Polo Sr. Alcalde contéstase que se pideí información á funcionaria encargada deses trámites e non facilitou ninguna resposta polo que se terá que recorrer ao expediente informativo.

**PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO P.P. D^a MARTA PÉREZ LAGE
SOBRE FIESTAS DEL 2005 Y ACLARACIÓN DA CAPO**

A día de hoy y a pesar de las múltiples peticiones de las cuentas de las fiestas Patronales del 2005 y del Festival del Landro aún estamos sin conocerlas sin embargo no es por este extremo por el que deseo preguntar hoy, sino por la situación contractual en la que se encuentra con respecto al Ayuntamiento la empresa Da Capo cuyo titular es D. Andrés Gómez Fernández.

Según la nota de prensa que D. Andrés publica en medios de comunicación el 7 de febrero del 2006, deduzco que existe una relación contractual entre la empresa Da Capo y el Ayuntamiento de Viveiro, y de no ser así ruego que se nos explique.

En esta nota de prensa el Sr. Gómez Fernández manifiesta “Da Capo hace una primera criba para asesorar al cliente” ¿Es al empresa Da Capo asesor cultural o musical del Ayuntamiento de Viveiro?.

Dice además “Realizamos, insisto, una gestión integral de cada evento, y esos son los servicios por y para los que el Concello nos contrata. Obviamente, esos servicios se pagan. La mayor parte de las veces se cobra una comisión al cliente, sea el Concello de Viveiro o no.

Es decir que según estas manifestaciones nos encontramos con un asesor y con una relación contractual, por la cual se cobra como es lógico pero que no aparece por ningún lado al menos que nosotros separamos y por otra parte dado el volumen de contratación con esta empresa referido a las fiestas del 2004 ha tenido una advertencia de irregularidad y quizá ilegalidad por parte de Intervención, cuanto peor será la contratación del 2005 puesto que los gastos han sido significativamente superiores.

Por este motivo deseamos conocer además:

1º ¿Existe algún tipo de relación contractual con la empresa Da Capo?.

2º.- En caso afirmativo ¿Cuándo ha sido adjudicado este servicio?:

3º.-¿Existe algún tipo de relación contractual con la empresa Da Capo?.

4º.- En caso afirmativo ¿Cuándo fue adjudicado?.

Polo Sr. alcalde respóstase que teñen contratos puntuais e que non responde do que afirme Da Capo.

En canto a un expediente de contratación nunca, dí, se fixo anteriormente. Que para os espectáculos musicais se reúnen no mes de xaneiro en San Sebastián os mediadores que establecen a disponibilidad dos diferentes artistas según as zonas. Que polo que se refire ás contas das Festas non hai problema, que facilitarán as que se adébedan desde o ano 1997.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO CONCELLEIRO DO P.P., D. ANTONIO SOLLA DÍAZ



Polo citado concelleiro formúlase como rogo preguntas reitivas ás retransmisións televisivas toda vez que a XVIII Copa do Mundo de Fútbol xa empezou.

O seu Grupo ten coñecemento de que á cadèa sexta da TV instala uns reemisores, gratuitamente nos edificios e como SATEL ten concerto con esa cadèa...dí que non saben si se fixo cos microemisores do Concello pero que a calidade da imaxe non é tan boa nuns sitios como en outros, polo que rogan que o Concello faiga a xestión.

Seguidamente formula preguntas sobre un expediente de licenza de obra instado por Javier Díaz Yáñez, que se estivo a tratar en sendas sesións da Comisión Informativa de Obras celebradas os días 13/08/2005 e 15/09/2005, indicando que non lles consta de que dispoña de licenza de obra e que non obstante se está a materializar a mesma.

Polo Sr. Alcalde respóndase en canto ao rogo da televisión que tiñan contratado por 12.000 € para que cando Retevisión de Galicia o puxera no Cadramón se vera...Que a cobertura desde o punto de vista municipal está garantida en todos os sitios aínda que algúns terán que poñer dí, amplificador.

En canto á licenza de obra de Javier Díaz Yáñez, en Alvarelle, dí que quere lembrarlle que a Comisión Informativa de Obras dictaminou favorablemente a concesión da licenza previo o estudo xeolóxico, tal e como se quedara nunha reunión levada a cabo na Comisión Provincial de Urbanismo, pero que despois o enxeñeiro municipal informou desfavorablemente.

Polo Voceiro do P:P., D. César Aja Mariño fórmulanse as seguintes preguntas:

Obras baixo a Ponte do Ferrocarril en Verdes. O Alcalde fixo unha reunión cos vecinos disculpándose polas molestias:

¿Qué persoa ou empresa as realiza?

¿Existe proxecto?

¿Qué técnico é o autor?

¿Quién é o Promotor?

¿Pódese outorgar licenza cando se atopa suspendido o procedemento de outorgamento delas?

¿Ten permiso de FEVE?

¿Esixiu aval o Concello?

E ¿os danos e prexuízos aos veciños?

Polo Sr. Alcalde respóndase:

1º.- Que o día de comezo das obras atopábase nestas un técnico de FEVE.

2º.- Que a citada obra forma parte dun compromiso do anterior goberno-Alcalde cos veciños cara a derrubar o muro.

Neste intre o voceiro do PP citado puntualiza que o compromiso era verbal e respecto ao muro de arriba; para continuar dicindo que non se lle contestou quen é o promotor da obra.

Despois de sucesivas intervencións sobre a obra do Campo da Pascua e de si é posible ou non a legalización desta, ao que o Sr. Alcalde dí que salvo erro cre que un dos problemas era si se consideraba a rúa como espazo ou como praza, e que o outro é que o enxeñeiro haberá de contestar porque se permite unha fachada posterior de catro alturas; intervén o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca que dí que a licanza a Calidade Constructiva se lle outorgou no mes de febreiro, sendo solicitada no mes de xaneiro e dí que non pregunta si tiña autorización de FEVE senon si ten autorización neste momentos, igualmente pregunta :¿Atópase documentada a cesión do terreo para o ensanchamento de carril?.

O Sr. Alcalde dí que formula as preguntas por escrito.

A continuación polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

¿Cando se vai limpar de eucaliptos as inmediacións do campo de fútbol de Landrov?

O Sr. Alcalde contesta que solicitaron unha subvención de un capataz e oito peóns á Concellería de Medio Ambiente.

Rogos:

-Se solicite de Costas arranxe a parte primeira do Paseo do Río Landro polas deficiencias que hai na tarima de madeira.

-Se atenda polo Concello á situación vergonzante, polo sucio, na que deixan os vendedores do Corte Inglés.

O Sr. alcalde dí que é un asunto que compre estudar, xa que se lles está a cobrar a recollida de lixo.

-Na parte primeira da dereita da subida ao Pedregal en Covas púxose unha caseta pola Empresa, que resta visión aos que baixan do Pedregal; aínda que foi requirido e se modificou, dí que segue a estar mal, mal.

E ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e quince minutos da data indicada máis arriba, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.